

As prazas son limitadas en ambos servizos, e a adxudicación é por orde de entrada da documentación no rexistro municipal do concello.

20% de desconto as familias numerosas que o acrediten no momento de formalizar a solicitude no servizo correspondente.

Hai unha ordenanza municipal do prezo público de ambos servizos así coma un regulamento.

Aténdense as alerxias, intolerancias aos alimentos nos dous servizos. De ser o caso, hai que presentar un informe médico que o acredite

As baixas ou modificacións nos servizos realizaranse sempre no mes anterior ao que se refira dito cambio.

As altas alomenos sete días antes da data de inicio no servizo



Máis información e inscricións en servizos sociais na rúa do deporte nº 7 en Sigüeiro, ou chamando ao 981 68 89 50. Tamén podes contactar no mail [mariajose.mosquera@oroso.es](mailto:mariajose.mosquera@oroso.es)

*INFORMACIÓN:  
PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN  
DO CONCELLO DE OROSO*

**BOS DÍAS COLE  
E  
COMEDOR ESCOLAR**

CONCELLO DE  
**OROSO**

## BOS DÍAS COLE



O servizo de bos días cole comeza ás 07.30h ata o comezo da xornada lectiva.

Lévase a cabo no CEIPP Camiño Inglés e no CEIP Sigüeiro, durante todo o curso escolar agás nos períodos vacacionais.

Cara finais do curso escolar ábrese un prazo de renovación para os que xa están utilizando o servizo e tamén para os seus irmáns (no caso de non ser usuarios nese curso). Unha vez rematado o prazo de renovación, ábrese o de matrículas novas ata cubrir prazos.

O servizo consta de varias modalidades para o seu uso:

- Días soltos: con ou sen almorzo
- Todos os días con ou sen almorzo

PREZOS:

## BOS DÍAS COLE

DÍAS SOLTOS SEN ALMORZO	3€ (Cada día que utilice o servizo)
DÍA SOLTOS CON ALMORZO	4€ (Cada día que utilice o servizo)
TODOS OS DÍAS SEN ALMORZO	30€ (ao mes)
TODOS OS DÍAS CON ALMORZO	40€ (ao mes)
<i>Matrícula de 20€ por curso escolar e por usuario/a</i>	

## COMEDOR CEIPP CAMIÑO INGLÉS

DÍAS SOLTOS	5€ (por día) * Avisar da asistencia ao servizo 72 h antes do día de asistencia
TODOS OS DÍAS (mensual)	55 € (ao mes)
<i>Matrícula de 20€ por curso escolar e por usuario/a</i>	

## COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor escolar comeza ás 14.15h e remata ás 16h.

Lévase a cabo no CEIPP Camiño Inglés e depende da concellería de ensino do concello de Oroso, así mesmo trátase dun servizo que leva a cabo unha empresa privada.

Cara finais do curso escolar ábrese un prazo de renovación para os que xa están utilizando o servizo e tamén para os seus irmáns (no caso de non ser usuarios nese curso). Unha vez rematado o prazo de renovación, ábrese o de matrículas novas ata cubrir prazos.

O servizo consta de dúas modalidades para o seu uso: días soltos ou mensual.

